



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 25 DE SETEMBRO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto o secretario accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento



correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de setembro de 2025, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202509250900080000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 3 REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Acceso á videoacta – 00:01:00 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 15 de setembro de 2025 (CVD: 7BIO5GWtO9cBcXefqOyM), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 18 de setembro de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Visto o expediente 2025/G015/000001, tramitado para a modificación da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 3, reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

Visto o informe da tesoureira municipal e da interventora interina de data 12 de setembro de 2025 (CVD: CisSZBgPJcHUdEZ+k/Bi), que transcrito di:

«INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NUM. 3, REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

EXPEDIENTE: 2025/G015/000001

I) ANTECEDENTES:

No Concello de Cambre recibíuse o 11 de maio de 2023, Rexistro de Entrada 202399900003169, un escrito de dona LCC, no que solicita a revisión da Ordenanza Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica a efectos de que se elimine dela o requisito de que o certificado de grao de discapacidade expedido polo órgano competente, conteña ademais a acreditación da necesidade de asistencia de terceira persoa.



Máis tarde, o 17 de xuño de 2024, Rexistro de Entrada 20240000002885, ingresou no Concello escrito da Valedora do Pobo onde, no marco do expediente de queixa G.6.Q/13733/23 tramitado por esa institución como consecuencia das reclamacións presentadas pola mesma dona LCC referentes á denegación da exención do imposto de circulación (IVTM) a un vehículo dunha persoa con discapacidade visual, se insta ao Concello de Cambre á modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e se elimine dela o requisito para a súa exención da acreditación da necesidade de asistencia de terceira persoa.

No mesmo escrito solicítase o cambio de terminoloxía na Ordenanza, de xeito que de conformidade coa Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, se substitúa a expresión “discapacitado” por “persoa(s) con discapacidade.

Este requirimento se repetiu posteriormente en escritos de 17 de xuño de 2024, Rexistro de Entrada 20240000002885, e de 6 de agosto do mesmo ano, Rexistro de Entrada 202400000003918.

II) NORMATIVA APLICABLE:

- Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Real decreto legislativo 781/86, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 58/2003, xeral tributaria (LXT)
- Real decreto 500/90, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da disposición anterior en materia orzamentaria
- Lei 5/97, de administración local de Galicia.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con administración local con habilitación de carácter nacional.

III) CONSIDERACIÓNS:

Primeira: Os recursos das corporacións municipais

Os recursos das entidades locais aparecen enumerados no artigo 2 do TRLRFL. Sen prexuízo doutras clasificacións, poden dividirse entre ingresos de dereito público e ingresos de dereito privado. Dentro dos ingresos de dereito público podemos falar de tributarios e non tributarios e dentro dos primeiros compre distinguir os impostos, as taxas e os prezos públicos

As Entidades Locais, en virtude do establecido no [artigo 133.2. da Constitución](#) Española de 1978, ostentan potestades para establecer e esixir tributos. Non obstante, a súa imposición e ordenación deberá estar previsto por unha lei previa por expreso mandato constitucional (artigos 31.3. y 133.2. CE). Esta lei actualmente é o [TRLRFL](#) que regula, entre outras cuestións, o sistema impositivo local.

O TRLRFL diferencia no seu artigo 59 dos tipos de impostos; os obrigatorios e os facultativos.



Son de natureza obrigatoria, e dicir, que os concellos deben esixir por mandato legal, o Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Son de carácter potestativo, é dicir, que o concello pode decidir sobre a súa imposición: o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Respecto aos impostos de exacción obrigatoria, haberá que estar ao previsto no [artigo 15.2. do TRLRFL](#), mentres que os de carácter facultativo deberán cumprimentar o disposto no artigo 16 do mesmo texto legal.

De este xeito para os impostos obrigatorios os concellos que decidan facer uso das facultades que lles confire esta lei en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das respectivas cotas tributarias, deberán acordar o exercicio de tales facultades, e aprobar as oportunas ordenanzas fiscais.

En cambio, os impostos de exacción facultativa precisan tanto de acordo de imposición como da aprobación da oportuna ordenanza fiscal.

Conforme ao exposto, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), é un imposto obrigatorio que está regulado nos artigos 92 a 99 do citado texto legal. Ademais o Concello de Cambre, facendo uso da facultade prevista no número 2 do artigo 15, aprobou á Ordenanza Fiscal núm. 3, reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

Desta disposición interézanos neste informe o disposto no seu artigo 2º.1, relativo as exencións e bonificacións a favor de persoas con discapacidade

Segunda: Modificacións propostas na Ordenanza

PRIMEIRO.- Suprimir a esixencia do artigo 2º.1 da Ordenanza Fiscal mencionada, de que en caso de vehículos destinados ao transporte de persoas con discapacidade, no certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente que debe presentar o interesado, conste ademais do grao de discapacidade, se a persoa con discapacidade ten necesidade de asistencia de terceiras persoas.

A razón de propoñer esta supresión e que este requisito da acreditación da necesidade de asistencia de terceiras persoas non ven establecido polo artigo 93 do TRLRFL, o que iría en contra do principio de reserva de lei en materia de exención de beneficios fiscais establecido no artigo 8 da LXT.

Neste sentido maniféstase a Sentencia 471/2011 de 2 xuño. 2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anulou a esixencia por parte de unha ordenanza fiscal de que a persoa con discapacidade acreditase que non podía utilizar o transporte público, ao impoñerse con isto unha limitación non prevista na lei.

SEGUNDO.-Substituír, no mesmo artigo 2º. 1 da Ordenanza, la expresión discapacitado(s) por "persoa(s) con discapacidade", de conformidade coa regulación da Disposición Adicional Octava da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia que establece que, "a partir da entrada en vigor da presente Lei, as disposicións normativas elaboradas polas Administracións Públicas utilizarán os termos «persoa con discapacidade» ou «persoas



con discapacidade» para denominalas”, e de acordo tamén coa terminoloxía do artigo 49 da Constitución Española, tras a Reforma de 15 de febreiro de 2024 («B.O.E.» 17 febreiro)

Recollendo as modificacións dos dou apartados anteriores, o artigo 2º .1 da Ordenanza pasaría a ter a redacción seguinte:

“Artigo 2º. – Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Para poder obter a presente exención, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

-Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente) no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
- Permiso de condución (anverso e reverso) a nome da persoa con discapacidade.
- Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
- Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa con discapacidade como único condutor do mesmo.
- Fotocopia do DNI.
- Ficha técnica do vehículo.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

-Vehículos destinados ao transporte de persoa con discapacidade:

- Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente), no que conste o grao de discapacidade.
- Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
- Póliza do seguro do vehículo na que conste o condutor habitual.
- Fotocopia do D.N.I. da persoa con discapacidade e do condutor habitual do vehículo.
- Ficha técnica do vehículo.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.”

TERCEIRO.- Incorporar unha Disposición Final nos seguintes termos:

“A presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2026”

Terceira: A tramitación do expediente.

En relación á tramitación do expediente, é preciso recordar o que establece ao respecto o artigo 17 do TRLRFL:

“Artigo 17.



1. Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, se expoñerán no taboleiro de anuncios da entidade durante trinta días, como mínimo, dentro de los cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

2. As Entidades Locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia, o, no seu caso, no da Comunidade Autónoma uniprovincial. As Deputacións Provinciais, os órganos de goberno das entidades supramunicipais e os concellos de poboación superior a 10.000 habitantes deberán publicalos, ademais, nun diario dos de maior difusión da provincia, ou da Comunidade Autónoma uniprovincial.

3. Finalizado o período de exposición pública, as Corporacións locais adoptará os acordos definitivos que procedan, resolvendo as reclamacións que se presentaran e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presentaran reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

4. En todo caso, os acordos definitivos a que se refire o apartado anterior, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no Boletín Oficial da Provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, sen que entren en vigor ata que se levara a cabo dita publicación.

5. As Deputacións Provinciais, Consellos, Cabidos insulares e, en todo caso, as demais Entidades Locais cando a súa poboación sexa superior a 20.000 habitantes, editarán o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro o primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.

En todo caso, as Entidades Locais haberán de expedir copias das ordenanzas fiscais publicadas a quen as demanden”.

En consecuencia, os pasos a seguir para a aprobación deste expediente son os seguintes:

- Ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico.
- Aprobación inicial polo Pleno da Corporación (mediante o voto favorable da maioría simple dos membros presentes na sesión validamente constituída).
- Exposición pública das modificacións inicialmente aprobadas no Taboleiro de Anuncios do Concello durante trinta días hábiles, co fin de que os interesados podan examinalas e interpoñer, no seu caso, as reclamacións que estimen oportuno perante o Pleno. O inicio da exposición deberá ser igualmente publicada no BOP. Ademais por ser este un Concello de poboación superior a 10.000 habitantes deberá publicarse, ademais, nun diario dos de maior difusión da provincia.



-Transcurrido o período de exposición pública, e no caso de que non se tiveran interposto reclamacións durante o mesmo, o acordo ata entón provisional elevarase automaticamente á categoría de definitivo sen necesidade dun novo acordo Plenario. Caso de existir reclamacións, o Pleno deberá tomalas en consideración e decidir sobre a súa procedencia.

-En todo caso, o texto definitivo das Ordenanzas (ou das súas modificacións) precisará para a súa entrada en vigor ser publicado no BOP.

IV) VALORACIÓN

Non é fácil estimar a perda que na recadación municipal pode supoñer a supresión da acreditación da necesidade de asistencia de terceira persoa para obter a exención a favor das persoas con discapacidade. Non obstante, dos datos actuais e da incidencia de recursos recibidos contra o padrón no ano 2024 se pensa que non se producirá unha perda importante na recadación por este imposto.

V) CONCLUSIÓNS

Tendo en conta o anteriormente exposto propónse a modificación da Ordenanza Fiscal número 3 reguladora do Imposto vehículos de tracción mecánica, e a aprobación do texto íntegro modificado da ordenanza que se recolle a continuación:

“ORDENANZA FISCAL Nº 3

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º.-

As cotas tributarias do imposto sobre vehículos de tracción mecánica serán as resultantes de aplicar un coeficiente de incremento do 1,748 ás cotas establecidas no artigo 95.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resultando os seguintes importes:

1.- Turismos:

- 1.1.- De menos de 8 C.V.F., 22,06 euros.
- 1.2.- De 8 ata 11,99 C.V.F., 59,57 euros.
- 1.3.- De 12 ata 15,99 C.V.F., 125,75 euros.
- 1.4.- De 16 ata 19,99 C.V.F., 156,64 euros.
- 1.5.- De 20 C.V.F. en adiante, 195,78 euros.

2.- Autobuses:

- 2.1.- De menos de 21 prazas, 145,61 euros.
- 2.2.- De 21 a 50 prazas, 207,38 euros.
- 2.3.- De máis de 50 prazas, 259,23 euros.

3.- Camións:

- 3.1.- De menos de 1.000 Kgs. de carga útil, 73,91 euros.
- 3.2.- De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 145,61 euros.
- 3.3.- De máis de 2.999 a 9.999 Kgs. de carga útil, 207,38 euros.
- 3.4.- De máis de 9.999 Kgs. de carga útil, 259,23 euros.

4.- Tractores:

- 4.1.- De menos de 16 C.V.F., 30,89 euros.



- 4.2.- De 16 a 25 C.V.F., 48,54 euros.
- 4.3.- De máis de 25 C.V.F., 145,61 euros.

5.- Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

- 5.1.- De menos de 1.000 e máis de 750 Kgs. de carga útil, 30,89 euros.
- 5.2.- De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 48,54 euros.
- 5.3.- De máis de 2.999 Kgs. de carga útil, 145,61 euros.

6.- Outros vehículos:

- 6.1.- Ciclomotores, 7,73 euros.
- 6.2.- Motocicletas ata 125 cc., 7,73 euros.
- 6.3.- Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc., 13,23 euros.
- 6.4.- Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc., 26,48 euros.
- 6.5.- Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc., 52,95 euros.
- 6.6.- Motocicletas de máis de 1.000 cc., 105,89 euros.

Artigo 2º. – Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a Nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Para poder obter a presente exención, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:
 - Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente) no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
 - Permiso de condución (anverso e reverso) a nome da persoa con discapacidade.
 - Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
 - Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa con discapacidade como único condutor do mesmo.
 - Fotocopia do DNI.
 - Ficha técnica do vehículo.
 - Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- Vehículos destinados ao transporte de persoa con discapacidade:
 - Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente), no que conste o grao de discapacidade.
 - Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
 - Póliza do seguro do vehículo na que conste o condutor habitual.
 - Fotocopia do D.N.I. da persoa con discapacidade e do condutor habitual do vehículo.
 - Ficha técnica do vehículo.
 - Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

2. Os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de trinta anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricar, disfrutarán dunha bonificación do 100 por cento da cota incrementada do imposto.

3. Os vehículos das clases turismos, camiións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se disponen neste apartado, dunha bonificación na cota do imposto, en



función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran algunha das condicións e requisitos seguintes:

- Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimize as emisións contaminantes. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.
- Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ ou emisións nulas. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.

4. Gozarán dunha bonificación do 75 por cento do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que o instalen.

As bonificacións recollidas nos apartados 1 a 4 anteriores terán carácter rogado, polo que os suxeitos pasivos deberán solicitar do concello, ou entidade na que delegue, a bonificación correspondente, antes do 31 de decembro do ano anterior, indicando as características do vehículo e a causa do beneficio, coa presentación da documentación acreditativa dos requisitos.

Así mesmo deberán xustificar non ter débedas de ningún tipo co concello.

No suposto de que se desexa que a bonificación produza efecto no mesmo período impositivo no que se realiza a matriculación, a solicitude deberá formularse no momento de efectuar a presentación-ingreso da correspondente autoliquidación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, obrigatoria para a dita matriculación. En caso de que se presente con posterioridade, a bonificación producirá efecto para o período impositivo seguinte á data de presentación da citada solicitude, non alcanzando ás cotas devindicadas con anterioridade.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2026»

Visto o informe de Secretaría de data 12 de setembro de 2025 (CVD: rAGkq508cgeLYKZCY/mk).

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2º. 1, así como a inclusión dunha Disposición Final na Ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica que quedan coa seguinte redacción:

“Artigo 2º. – Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.



Para poder obter a presente exención, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

-Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente) no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
- Permiso de condución (anverso e reverso) a nome da persoa con discapacidade.
- Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
- Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa con discapacidade como único condutor do mesmo.
- Fotocopia do DNI.
- Ficha técnica do vehículo.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

-Vehículos destinados ao transporte de persoa con discapacidade:

- Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente), no que conste o grao de discapacidade.
- Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
- Póliza do seguro do vehículo na que conste o condutor habitual.
- Fotocopia do D.N.I. da persoa con discapacidade e do condutor habitual do vehículo.
- Ficha técnica do vehículo.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.”

“Disposición Final.

A presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2026”

Como consecuencia da modificación, o texto consolidado da Ordenanza queda redactado como se recolle no AXEXO.

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

TERCEIRO: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordo definitivo así como o texto integro da Ordenanza modificada, entrando en vigor ao día 1 de xaneiro de 2026.



ANEXO

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º.-

As cotas tributarias do imposto sobre vehículos de tracción mecánica serán as resultantes de aplicar un coeficiente de incremento do 1,748 ás cotas establecidas no artigo 95.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resultando os seguintes importes:

1.- Turismos:

- 1.1.- De menos de 8 C.V.F., 22,06 euros.
- 1.2.- De 8 ata 11,99 C.V.F., 59,57 euros.
- 1.3.- De 12 ata 15,99 C.V.F., 125,75 euros.
- 1.4.- De 16 ata 19,99 C.V.F., 156,64 euros.
- 1.5.- De 20 C.V.F. en diante, 195,78 euros.

2.- Autobuses:

- 2.1.- De menos de 21 prazas, 145,61 euros.
- 2.2.- De 21 a 50 prazas, 207,38 euros.
- 2.3.- De máis de 50 prazas, 259,23 euros.

3.- Camións:

- 3.1.- De menos de 1.000 Kgs. de carga útil, 73,91 euros.
- 3.2.- De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 145,61 euros.
- 3.3.- De máis de 2.999 a 9.999 Kgs. de carga útil, 207,38 euros.
- 3.4.- De máis de 9.999 Kgs. de carga útil, 259,23 euros.

4.- Tractores:

- 4.1.- De menos de 16 C.V.F., 30,89 euros.
- 4.2.- De 16 a 25 C.V.F., 48,54 euros.
- 4.3.- De máis de 25 C.V.F., 145,61 euros.

5.- Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

- 5.1.- De menos de 1.000 e máis de 750 Kgs. de carga útil, 30,89 euros.
- 5.2.- De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 48,54 euros.
- 5.3.- De máis de 2.999 Kgs. de carga útil, 145,61 euros.

6.- Outros vehículos:

- 6.1.- Ciclomotores, 7,73 euros.
- 6.2.- Motocicletas ata 125 cc., 7,73 euros.
- 6.3.- Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc., 13,23 euros.
- 6.4.- Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc., 26,48 euros.
- 6.5.- Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc., 52,95 euros.
- 6.6.- Motocicletas de máis de 1.000 cc., 105,89 euros.

Artigo 2º. – Exencións e bonificacións.



1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Para poder obter a presente exención, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:
 - Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente) no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
 - Permiso de conducción (anverso e reverso) a nome da persoa con discapacidade.
 - Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
 - Póliza do seguro do vehículo na que figure a persoa con discapacidade como único condutor do mesmo.
 - Fotocopia do DNI.
 - Ficha técnica do vehículo.
 - Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.
- Vehículos destinados ao transporte de persoa con discapacidade:
 - Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente), no que conste o grao de discapacidade.
 - Permiso de circulación a nome da persoa con discapacidade.
 - Póliza do seguro do vehículo na que conste o condutor habitual.
 - Fotocopia do D.N.I. da persoa con discapacidade e do condutor habitual do vehículo.
 - Ficha técnica do vehículo.
 - Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

2. Os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de trinta anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricar, disfrutará dunha bonificación do 100 por cento da cota incrementada do imposto.

3. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiarán nos termos que se disponen neste apartado, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran algunha das condicións e requisitos seguintes:

- Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimize as emisións contaminantes. Estes vehículos beneficiarán dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.



- Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ ou emisións nulas. Estes vehículos beneficiaríanse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se mantexan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.

4. Gozarán dunha bonificación do 75 por cento do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que o instalen.

As bonificacións recollidas nos apartados 1 a 4 anteriores terán carácter rogado, polo que os suxeitos pasivos deberán solicitar do concello, ou entidade na que delegue, a bonificación correspondente, antes do 31 de decembro do ano anterior, indicando as características do vehículo e a causa do beneficio, coa presentación da documentación acreditativa dos requisitos.

Así mesmo deberán xustificar non ter débedas de ningún tipo co concello.

No suposto de que se desexa que a bonificación produza efecto no mesmo período impositivo no que se realiza a matriculación, a solicitude deberá formularse no momento de efectuar a presentación-ingreso da correspondente autoliquidación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, obrigatoria para a dita matriculación. En caso de que se presente con posterioridade, a bonificación producirá efecto para o período impositivo seguinte á data de presentación da citada solicitude, non alcanzando ás cotas devindicadas con anterioridade.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2026”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

Interven o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro e a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 15 de setembro de 2025, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 15 de setembro de 2025 (CVD: 7BIO5GWtO9cBcXefqOyM), que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

1.2. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:07:05 horas

A) A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC, rexistrada de entrada ao núm. 202599900005887 o día 19 de setembro de 2025, a prol do acceso dos membros da Corporación ao TEdC para garantir a máxima transparencia, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta manifesta que quere aclarar aos Sres./as concelleiros/as que no caso de aprobarse esta moción o que se abrirá será un expediente para dar paso ao informe do xefe do



departamento correspondente, neste caso de Secretaría, isto ao tratarse dunha función reservada a Secretaría a superior dirección dos arquivos e rexistros e ser a plataforma TEDeC un arquivo e rexistro electrónico.

Seguidamente, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, quen dá lectura á moción que transcrita di:

«MOCIÓN A PROL DO ACCESO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN AO TEDEC PARA GARANTIR A MÁXIMA TRANSPARENCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas indica, no seu artigo 71 os principios de celeridade, economía e eficacia, que deben rexer o funcionamento de administracións públicas como a do Concello de Cambre.

Pola súa parte, a Lei 19/2023, de transparencia, acceso á información e bo goberno, sinala os principios de transparencia e acceso á información dentro dos límites establecidos para protexer a privacidade e a seguridade nacional.

O Regulamento orgánico municipal, no seu artigo 15, onde regula os dereitos dos concelleiros e concelleiras, sinala:

“15.1. Todos os concelleiros terán dereito a obter do alcalde ou presidente da Comisión de Goberno cantos antecedentes, datos ou información consten en poder dos servizos da Corporación e sexan necesarios para o desenvolver a súa función.

15.2. O pedimento de acceso á información entenderase concedido por silencio administrativo no caso de que o presidente ou a Comisión de Goberno non diten resolución ou acordo denegatorio e sexa notificado persoalmente ao concelleiro interesado no termo dos cinco días naturais contados desde a data de presentación da solicitude no Rexistro de Entrada. En todo caso, a denegación do acceso á documentación informativa deberase facer a través de resolución ou acordo motivado”

Engade o artigo 17.3. *“O dereito a consulta inclúe o dereito a obter copia, entendendo por dereito á consulta tanto o acceso directo dos concelleiros á información prevista no apartado 3 do artigo anterior, como a autorización expresa ou presunta outorgada de conformidade co establecido no apartado 2 do mesmo artigo”.*

Tendo en conta tanto as dúas leis mencionadas como o Regulamento orgánico municipal e tendo en conta que, todos os membros da Corporación son representantes dos veciños e veciñas de Cambre e os concelleiros e concelleiras que conforman a oposición teñen o deber de exercer as súas funcións de control e fiscalización do goberno, tal e como recolle.

Atendendo ás explicacións dadas en múltiples ocasións polo goberno local no que se fala de falta de persoal ou non ter os datos que se lles piden por ausencia de determinados funcionarios, deixando sen contestar preguntas ou enviando moi tarde a documentación solicitada polos concelleiros e concelleiras dos partidos da oposición.

Visto que cada vez que se solicita información sobre un expediente ou acceso a este lonxe de estarse procedendo como establece o ROM hai que recibir autorización expresa que sempre tarda máis dos cinco días naturais que establece o regulamento municipal.

Visto que unha vez se concede o acceso, un traballador do Concello de Cambre ten que dedicar tempo do seu traballo e ensinarnos o expediente e estar con nós o tempo que nos leve velo, co que deixa de facer tarefas propias do seu posto de traballo que en situacións como as que alude reiteradamente o goberno de falta de persoal, lonxe de cumprir cos principios de celeridade, economía e eficiencia no seu traballo, está ralentizándose por un labor extra ás súas diarias. E que, salvo petición expresa de que queres sacar copias non cho permiten e tes que volvelas a solicitar por escrito, incumprindo o que establece o ROM tal e como se sinalou ao inicio desta moción.



De cara a solucionar estas trabas e atrasos que se están poñendo ao acceso á información e tendo en conta que o Concello de Cambre utiliza o tramitador de expedientes TEDEC ao que se pode acceder, en modo de visualizar e revisar expedientes, con permisos que son outorgados pola Deputación da Coruña a petición do Concello de Cambre e isto permitiría aos funcionario dedicar o tempo as funcións que lles son propias, ao tempo que reducir o número de escritos que se reciben por rexistro e a súa posterior tramitación.

Visto que estamos vivindo nunha sociedade cada vez máis dixitalizada e conectada, onde o uso das novas tecnoloxías está totalmente xeneralizado e permite aforrar tempos, traballar dende calquera espazo e aforrar papel, nese obxectivo marcado hai anos pero moi lonxe de cumprirse na administración pública de cero papel.

E tendo en conta que este goberno, o mesmo día que a alcaldesa tomou o bastón de mando falou de transparencia, colaboración máxima e +++

Por todo canto antecede, e co fin de cumprir coa Lei de transparencia, acceso á información e bo goberno, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO: Autorizar aos concelleiros e concelleiras da oposición a ter acceso, só para visualizar, aos expediente de TEDEC co fin de poder obter a información que precisan para o seu labor de control e fiscalización do goberno sen ter que depender así de autorizacións por escrito nin ocupar tempo dos funcionarios do Concello de Cambre para que poidan ocuparse das súas funcións.

SEGUNDO: Que a dita autorización e acceso se produza, a máis tardar, no prazo dun mes.

TERCEIRO: Dar traslado deste acordo á Deputación da Coruña, para que sexa coñecedora do acordo plenario e dea os accesos correspondentes.»

Intervén o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e manifesta que o seu grupo quere presentar unha emenda á moción de UxC, copia da cal se fai entrega neste acto aos membros da Corporación, e que redactada en castelán e transcrita ao galego di:

“Emenda de substitución á moción a prol do acceso dos membros da Corporación ao TEDEC para garantir a máxima transparencia

O Grupo Municipal Socialista de Cambre formula a seguinte emenda de substitución á moción presentada polo grupo municipal de Unión por Cambre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS DA EMENDA

Dado que o acceso ao sistema TEDEC implica manexar información altamente sensible, como expedientes de servizos sociais ou datos persoais dos veciños e veciñas de Cambre, resulta necesario extremar as garantías en materia de seguridade e protección de datos.

Así mesmo, debe considerarse que o acceso ao TEDC está condicionado polas medidas de seguridade implantadas pola Deputación Provincial da Coruña, que é a entidade que xestiona e concede os permisos de acceso. Polo tanto, antes de adoptar unha decisión plenaria que poida comprometer a legalidade ou a seguridade do sistema, é imprescindible contar cos informes técnicos e xurídicos correspondentes.

PROPOSTA DE ACORDOS:

PRIMEIRO. Solicitar á Secretaría do Concello de Cambre a emisión dun informe xurídico sobre a legalidade e procedencia de conceder acceso directo aos concelleiros e concelleiras ao sistema TEDEC, analizando especificamente as implicacións en materia de protección de datos e seguridade da información.

SEGUNDO. Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña da presente moción para que emita un informe técnico



sobre a viabilidade de permitir o dito acceso, tendo en conta as súas competencias en materia de permisos, seguridade e xestión do sistema TEDEC.

TERCEIRO. Unha vez recibidos ambos informes, o Pleno poderá adoptar, con todas as garantías legais e de seguridade, as decisións oportunas respecto do acceso dos membros da Corporación ao TEDEC.”

A continuación, interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de UxC coa emenda formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción, que devén en acordo nos seguintes termos:

PRIMEIRO. Solicitar á Secretaría do Concello de Cambre a emisión dun informe xurídico sobre a legalidade e procedencia de conceder acceso directo aos concelleiros e concelleiras ao sistema TEDEC, analizando especificamente as implicacións en materia de protección de datos e seguridade da información.

SEGUNDO. Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña da presente moción para que emita un informe técnico sobre a viabilidade de permitir o dito acceso, tendo en conta as súas competencias en materia de permisos, seguridade e xestión do sistema TEDEC.

TERCEIRO. Unha vez recibidos ambos informes, o Pleno poderá adoptar, con todas as garantías legais e de seguridade, as decisións oportunas respecto do acceso dos membros da Corporación ao TEDEC.

Acceso á videoacta – 00:21:40 horas

B) Neste intre a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo desexa presentar dúas mocións urxentes, copia das cales se fai entrega neste acto aos membros da Corporación.

Cando son as once horas e vinte e tres minutos a Presidencia fai un receso para estudar as mocións presentadas, polo que se suspende a gravación (**Acceso á videoacta 00:23:22 horas**).

Cando son as once horas e trinta e sete minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (**Acceso á videoacta 00:23:26 horas**).

A Presidencia abre unha quenda de intervencións, e interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Acceso á videoacta – 00:42:08 horas

B.1. A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC para a inclusión dos 245.534,16 euros de fondos provinciais nun POS Adicional da Deputación da Coruña, obténdose o seguinte resultado:



Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerio Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Catro(4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia da moción presentada.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen dá lectura á moción que transcrita di:

“MOCIÓN PARA A INCLUSIÓN DOS 245.534,16 EUROS DE FONDOS PROVINCIAIS NUN POS ADICIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O **Plan de Obras e Servizos (POS)** é un programa da **Deputación Provincial da Coruña** para financiar obras e servizos de competencia municipal, contribuíndo ao desenvolvemento dos concellos da provincia. As cantidades asignadas deste plan baséanse en criterios obxectivos como a poboación, a dispersión xeográfica e a capacidade fiscal, asegurando unha distribución equitativa dos recursos.

No pleno do pasado 12 de setembro, o proxecto presentado polo equipo de goberno, que non foi consensuado con ninguén a pesar de estar gobernando só con 4 concelleiros nunha corporación de 21, non obtivo a maioría necesaria para a súa aprobación. O voto en contra de UxC por considerar que o proxecto proposto non daba solucións ás necesidades demandadas actualmente pola veciñanza de Cambre, fixo que a proposta do Goberno de Diana Piñeiro non saíra adiante, tendo só como votos a prol os dos catro concelleiros e concelleiras do Goberno.

Este rexeitamento non debe supoñer unha perda dos fondos que corresponde ao Concello de Cambre tendo en conta que xa aconteceu algo similar no Concello de Sada e os fondos rexeitados o ano pasado foron implementados pola Deputación Provincial da Coruña no POS Adicional 2025.

Entendendo que a Deputación naceu no seu día para apoiar e asesorar aos concellos da provincia e tendo en conta que xa houbo un precedente de integrar os fondos no adicional do seguinte ano.

Tendo en conta que os fondos do POS son unha asignación directa para os veciños e veciñas dos concellos de toda a provincia e o seu obxectivo é mellorar a calidade de vida e das infraestruturas locais, por iso a falta de consenso ou de diálogo entre o Goberno e a oposición non pon poden penalizar á cidadanía privándoa do investimento a que teñen dereito.

Por iso, e para evitar o prexuízo económico e social para Cambre, é necesario que eses fondos, ao igual que se fixo con Sada e que o seu propio alcalde afirmou en prensa que non se ían perder os cartos tendo como referencia o sucedido no adicional deste ano en Sada, a Deputación ten que seguir garantindo que os fondos que lle corresponden a Cambre acabarán chegando finalmente ao concello.

A diversidade das corporacións locais e gobernos en minoría que non son capaces de consensuar proxectos e acordos, no poden ser impedimento para que os veciños e veciñas, neste caso de Cambre, reciban o que lles corresponde por iso e máis cando xa hai un precedente neste senso.

Dende UxC, consideramos que a Deputación poderá atopar ferramentas, igual que o fixo con Sada para este adicional 2025, para que os 245.534,16 euros que lle corresponden a Cambre, poidan implementarse en sucesivos



POS Adicionais.

POR TODO O EXPOSTO O GRUPO MUNICIPAL DE UNIÓN POR CAMBRE PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

PRIMEIRO: Instar á Deputación Provincial da Coruña a que, no marco do Plan de Obras e Servizos (POS) articule algunha ferramenta, como xa fixo neste Adicional 2025 con Sada, para que Cambre reciba os fondos que non acadaron o apoio plenario por presentar o Goberno local un proxecto que non recibiu máis apoio que os dos PP de Cambre.

SEGUNDO: Instar ao Goberno que actualice os prezos do proxecto da praza Fernando Buesa, que xa recibira no seu día a aprobación do pleno para executarse con fondos POS, e que quedou deserto. Actualizando os prezos, Cambre xa contaría cun proxecto para presentar cando cheguen os fondos da Deputación a través dalgún Adicional e podería licitar.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Deputación Provincial da Coruña e a todos os grupos políticos con representación na dita institución, para os efectos oportunos.”

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e manifesta que o seu grupo quere presentar unha emenda á moción de UxC, que di:

«- Engádega ao punto I:

“e unicamente foi botado en contra, feito inaudito na historia de Cambre, polo voto dun grupo municipal, UxC, que nin sequera explicitou o sentido do seu voto antes da votación en sesión plenaria.”

- Supresión do punto II»

(Faise constar que copia manuscrita da emenda foi entregada polo voceiro do BNG ao secretario accidental para a súa incorporación ao expediente)

A continuación, interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de UxC coa emenda formulada polo grupo municipal do BNG, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción, que devén en acordo nos seguintes termos:

PRIMEIRO: Instar á Deputación Provincial da Coruña a que, no marco do Plan de Obras e Servizos (POS) articule algunha ferramenta, como xa fixo neste Adicional 2025 con Sada, para que Cambre reciba os fondos que non acadaron o apoio plenario por presentar o Goberno local un proxecto que non recibiu máis apoio que os dos PP de Cambre, e unicamente foi botado en contra, feito inaudito na historia de Cambre, polo voto dun grupo municipal, UxC, que nin sequera explicitou o sentido do seu voto antes da votación en sesión plenaria.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Deputación Provincial da Coruña e a todos os grupos políticos con representación na dita institución, para os efectos oportunos.

Acceso á videoacta – 00:52:11 horas



B.2. A continuación, a Sra. presidenta manifiesta que UxC presenta unha moción para instar á alcaldesa a enviar catro resolucións de Alcaldía ao Ministerio Fiscal por se incorresen nalgún tipo de delito.

Unha vez concedido o uso da palabra, interveñen o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Votos en contra: Trece (13), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a urxencia da moción.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:57:20 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:57:46 horas

A) Vista a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE en apoio ao pobo palestino e a favor da paz en Gaza, rexistrada de entrada ao núm. 202599900005926 o día 22 de setembro de 2025, xunto con outras dúas mocións e cos rogos e preguntas presentados para este pleno, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, co fin de que xustifique a urxencia da moción.

O Sr. Alcantarilla Rei di que o Partido Socialista considera que os concellos como institución máis próxima aos veciños e ás veciñas tamén teñen unha responsabilidade, e que non poden calar ante as violacións de dereitos internacionais e diante dun xenocidio.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei, quen dá lectura extractada á moción que transcrita di:



“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE CAMBRE EN APOIO AO POBO PALESTINO E A FAVOR DA PAZ EN GAZA

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cambre desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de outubro de 2023, Hamás perpetró un atentado terrorista en Israel que causou a morte de máis de 1.200 persoas e o secuestro de 251 reféns —20 deles aínda con vida—. Dende o primeiro momento, o Partido Socialista e o Goberno de España condenaron enerxicamente estes ataques, esixindo a liberación inmediata e incondicional dos reféns, e mantendo encontros coas familias das vítimas.

A resposta militar do Goberno de Israel derivou nunha campaña de destrución masiva e desproporcionada que, tras case dous anos, afecta principalmente á poboación civil palestina. En Gaza rexístranse máis de 65.000 persoas falecidas, delas case 18.500 nenos e nenas; máis de 159.000 feridos; e case dous millóns de persoas desprazadas, moitas delas en repetidas ocasións, sen acceso garantido a alimentos, auga potable, atención médica nin refuxio seguro. En Cisjordania, os ataques de colonos ilegais armados provocaron desprazamentos forzosos, mortes, expropiacións ilegais e a expansión de asentamentos en territorios palestinos.

A catástrofe humanitaria é xa innegable. A Clasificación Integrada de Seguridade Alimentaria (IPC) confirmou a primeira fame oficial na historia de Oriente Medio, con medio millón de persoas en fase de fame (IPC-5) e máis dun millón en fase de emerxencia (IPC-4). A fame, a falta de auga e o colapso do sistema sanitario foron utilizados como armas de guerra. Ademais, máis de 21.000 nenos adquiriron algunha discapacidade dende o inicio do conflito.

As violacións do Dereito Internacional e do Dereito Internacional Humanitario son sistemáticas. Foron atacados hospitais, escolas, universidades, instalacións de Nacións Unidas e centros de culto. Máis de 230 xornalistas e máis de 500 traballadores humanitarios perderon a vida. O Tribunal Penal Internacional emitiu ordes de arresto contra dirixentes de Israel e de Hamás por crimes de guerra e crimes de lesa humanidade. Pola súa banda, o Tribunal Internacional de Xustiza ditaminou que a ocupación dos territorios palestinos é contraria ao Dereito Internacional e que Israel debe poñerlle fin de forma inmediata.

Neste contexto, España situouse á vangarda da acción internacional en defensa dos dereitos humanos do pobo palestino e da solución de dous Estados, Israel e Palestina, como única vía para unha paz xusta e duradeira. España foi dos primeiros países en acudir, xunto con Sudáfrica, ao Tribunal Internacional de Xustiza para denunciar a situación en Gaza baixo o marco da Convención para a Prevención e a Sanción do Delito de Xenocidio. En maio de 2024, o Goberno de España recoñeceu o Estado de Palestina, e dende entón traballou intensamente para sumar apoios internacionais, liderando iniciativas diplomáticas na Unión Europea e Nacións Unidas.

España demostrou ser o país do mundo que máis está facendo por Palestina. Nos últimos dous anos, o noso país triplicou as súas achegas á Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina (UNRWA), convocou a Cimeira Internacional de Madrid en maio de 2025, liderou propostas no marco europeo e impulsou medidas humanitarias e diplomáticas para deter a violencia, protexer a poboación civil e avanzar cara á paz. Entre estas accións destacan a promoción de varias resolucións da ONU para esixir o alto o fogo permanente, o apoio á acción do Tribunal Penal Internacional e do Tribunal Internacional de Xustiza, o envío de axuda humanitaria a Gaza, a detención da venda de equipamento militar a Israel e a creación dunha Alianza Global para implementar a solución dos dous Estados. Tamén apoiamos á sociedade civil israelí que está protestando nas rúas de Israel contra o goberno polo fin da guerra.

Neste contexto, no marco do Consello informal de Copenhague do 30 de agosto, que reuniu aos ministros europeos, o ministro de Asuntos Exteriores de España propuxo un Plan de Acción Urxente orientado a deter a violencia e protexer a poboación civil palestina. Este plan incluía medidas concretas como o embargo de venda de armas a Israel; o cumprimento das decisións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Internacional de Xustiza respecto do comercio cos asentamentos; a aplicación estrita das disposicións sobre dereitos humanos e dereito humanitario dentro do marco de cooperación con Israel, o que implicaría a suspensión inmediata de todos os



programas conxuntos; a suspensión total do Acordo de Asociación con Israel —xa solicitado previamente polo Presidente do Goberno—; e o apoio activo á sociedade civil que promove a paz e o diálogo.

Este último mes, o Consello de Ministros, en resposta ao xenocidio en Gaza e en apoio á poboación palestina, acordou implementar nove medidas que anunciou o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, a principios de setembro. Entre estas accións destacan a aprobación urxente dun Real Decreto Lei que consolide xuridicamente o embargo de armas a Israel, establecendo a prohibición legal e permanente de compra, venda e transporte de armamento, munición e equipamento militar a ese país; a prohibición do tránsito por portos españois de barcos que transporten combustibles destinados ás forzas armadas israelís e a denegación de entrada ao espazo aéreo español a aeronaves estatais con material de defensa para Israel; a restrición do acceso a territorio español de quen participe no xenocidio, violacións de dereitos humanos ou crimes de guerra en Gaza; e a prohibición de importación de produtos procedentes de asentamentos ilegais en Gaza e Cisjordania, así como a limitación de servizos consulares a cidadáns españois residentes neses asentamentos á mínima asistencia legalmente obrigatoria. Así mesmo, refórzase o apoio á Autoridade Palestina mediante o incremento de efectivos na Misión de Asistencia Fronteiriza da UE en Rafah e a implementación de novos proxectos de colaboración en agricultura, seguridade alimentaria e asistencia médica; amplíase a contribución española á UNRWA con 10 millóns de euros adicionais; e elévase a partida de axuda humanitaria e cooperación para Gaza ata acadar os 150 millóns de euros en 2026.

No ámbito internacional, recentemente, o Parlamento Europeo aprobou unha resolución histórica sobre “A situación en Gaza: fame, liberación de reféns e avance cara á solución dos dous Estados”, impulsada baixo o liderado do Grupo de Socialistas e Demócratas (S&D). Este texto insta aos Estados Membros a recoñecer o Estado de Palestina e a adoptar medidas contundentes fronte ás violacións do dereito internacional cometidas polo Goberno de Israel, reclamando un alto o fogo inmediato, a liberación de todos os reféns e a entrega urxente de asistencia humanitaria. No seu discurso sobre o Estado da Unión de 2025, a presidenta da Comisión Europea, Úrsula von der Leyen, seguindo o liderado de España, condenou enerxicamente as accións do Goberno israelí en Gaza, cualificando a situación de “inaceptable” e denunciando o uso da fame como arma de guerra. Anunciou medidas por parte da Comisión como a suspensión parcial do acordo comercial entre a UE e Israel, o bloqueo da asignación de fondos bilaterais e propuxo sancións contra ministros israelís e colonos violentos, reforzando a necesidade dunha resposta firme e coordinada a nivel europeo.

Así mesmo, a Comisión Internacional Independente de Investigación sobre os territorios palestinos ocupados, establecida polo Consello de Dereitos Humanos da ONU, confirmou que Israel cometeu actos xenocidas contra a poboación de Gaza, baseados na intención de destruír os palestinos mediante asasinatos, lesións graves, imposición de condicións de vida destinadas á súa destrución e medidas que impiden a natalidade, en violación da Convención para a Prevención e Sanción do Delito de Xenocidio de 1948. Esta mesma Comisión sinalou que estes actos non son illados, senón o resultado de décadas de ocupación e represión sistemática.

Os concellos, como administracións máis próximas á cidadanía, non poden permanecer indiferentes. A defensa da dignidade humana, o respecto ao Dereito Internacional, ao Dereito Internacional Humanitario e a solidariedade con quen sofre son principios que forman parte dos valores democráticos das nosas institucións.

Por todo isto, o Grupo Socialista do Concello de Cambre somete a votación a seguinte MOCIÓN:

ACORDA:

1. **Apoiar a posición do Goberno de España** en defensa da paz, a Cimeira da ONU sobre a solución de dous Estados e o respecto ao Dereito Internacional Humanitario, recoñecendo a Palestina como Estado.
2. **Reiterar a absoluta condena ao xenocidio e á ocupación ilegal de Israel en Gaza e Cisjordania**, defendendo as resolucións das Nacións Unidas e as fronteiras do 67.
3. **Esixir ao Goberno de Israel activamente o alto o fogo** inmediato e permanente.
4. **Expresar apoio incondicional á liberación de todos os reféns** e mostrar solidariedade coa sociedade civil democrática israelí que se manifesta en contra das accións do seu Goberno en Gaza.



5. **Condenar enerxicamente todos os actos terroristas perpetrados por Hamás**, incluídos os atentados do 7 de outubro de 2023 en Israel.
6. **Apoiar as nove medidas anunciadas polo presidente do Goberno e o ministro de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación**, no marco do Consello de Ministros, que constitúen un paquete pioneiro de accións para deter o xenocidio en Gaza, perseguir aos seus responsables e apoiar á poboación palestina.
7. **Manifestar o seu apoio ás conclusións e recomendacións da Comisión Internacional Independente de Investigación sobre os territorios palestinos ocupados**, establecida polo Consello de Dereitos Humanos da ONU, que denuncia a comisión de actos xenocidas en Gaza e reclama a adopción de medidas inmediatas para protexer á poboación civil e garantir o cumprimento do Dereito Internacional.
8. **Apoiar as iniciativas e medidas adoptadas pola Unión Europea** en defensa do Dereito Internacional Humanitario, a protección da poboación civil palestina e a promoción da paz e da solución de dous Estados.
9. **Reiterar o apoio da Unión Europea e a Liga Árabe á Declaración de Nova York**, adoptada na conferencia internacional da ONU presidida por Francia e Arabia Saudita, en favor da solución de dous Estados, instando a Hamás a desarmarse e entregar o control de Gaza á Autoridade Palestina baixo supervisión internacional.
10. **Reclamar o acceso completo, seguro e sen restricións da axuda humanitaria á poboación palestina**, conforme aos principios de imparcialidade, independencia e neutralidade, e rexeitar o uso da asistencia humanitaria como instrumento de guerra.
11. **Manifestar o compromiso deste Concello coa solución de dous Estados, coa legalidade internacional, a defensa dos dereitos humanos e a paz**, así como a súa solidariedade co pobo palestino, especialmente con quen foron vítimas directas da violencia, do desprazamento forzoso ou da destrución dos seus fogares e infraestruturas.
12. **Dar traslado do presente acordo** ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, aos voceiros dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)."

Interveñen o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezasete (17), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Tres (3), do/as Sr./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que devén en acordo nos termos transcritos.



Acceso á videoacta – 01:10:47 horas

B) A continuación, vista a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para a mellora do transporte público ao Instituto Afonso X O Sabio da Barcala, rexistrada de entrada ao núm. 202599900005926 o día 22 de setembro de 2025, xunto con outras dúas mocións e cos rogos e preguntas presentados para este pleno, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Parcero Quiñoy, co fin de que xustifique a urxencia da moción.

A Sra. Parcero Quiñoy di que a urxencia desta moción é evidente, que falan do dereito á educación que hoxe vese condicionado pola falta dun transporte público adecuado, que cada día que pasa os estudantes do Instituto Afonso X O Sabio e da FP asociada seguen tendo dificultades para chegar puntuais e con normalidade ás súas clases, polo que non poden agardar máis para garantir un acceso seguro e xusto ao centro educativo, que ten que resolverse con carácter inmediato. Manifesta que por parte das asociacións veciñais que realizan a demanda, xa estudaron o caso e que consideran que modificando certos horarios na liña podería ser facilmente solucionable. E conclúe dicindo que quere apuntar, antes de finalizar, que teñen neste pleno presentes a representantes das familias que realizan esta petición, que poderán intervir ao final e detallar de primeira man as súas demandas, demandas que di que querendo teñen solución, sen realizar grandes cambios nos horarios das liñas existentes.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy, quen dá lectura á moción que, redactada en castelán e transcrita ao galego, di:

“MOCIÓN PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO AO INSTITUTO AFONSO X O SABIO DA BARCALA

O acceso á educación é un dereito fundamental que non pode verse limitado pola falta de servizos públicos adecuados. Actualmente, os alumnos e alumnas do Instituto Afonso X O Sabio, situado na Barcala, así como aqueles que cursan Formación Profesional no mesmo centro, carecen de transporte público adaptado ás súas necesidades. Os horarios das liñas existentes resultan incompatibles cos horarios lectivos, o que dificulta que os estudantes poidan asistir con normalidade ás súas clases. Esta situación afecta especialmente aos mozos que residen no Temple e outras parroquias próximas, impedindo un acceso equitativo á educación e xerando desigualdades.

É imprescindible garantir que todos os estudantes poidan acudir ao seu centro de estudos en condicións de igualdade, seguridade e comodidade, fomentando así a continuidade dos seus estudos e reducindo o risco de absentismo escolar. A educación debe ser unha prioridade para calquera administración, e o transporte público é unha ferramenta clave para asegurar este dereito.

Por todo o exposto, o grupo municipal socialista de Cambre propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Consellería competente en materia de transporte a que modifique os horarios e frecuencias do transporte público con orixe no Temple e destino na Barcala, de modo que se adapten ás necesidades do alumnado do Instituto Afonso X O Sabio e dos ciclos de Formación Profesional.
2. Solicitar a coordinación entre as administracións competentes para garantir un servizo de transporte público eficaz, accesible e seguro para todo o alumnado.
3. Dar traslado deste acordo á Consellería de Educación, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, así como á dirección do IES Afonso X O Sabio da Barcala e ás asociacións de nais e pais (ANPA) correspondentes.”



A Sra. alcaldesa manifesta que está presente unha veciña que solicitou intervir nesta sesión plenaria en relación co asunto que se está a tratar (escrito rexistrado de entrada ao núm. 202599900005960 o día 23 de setembro de 2025) e concede o uso da palabra a D.^a Sonia Penabad Durán, quen se atopa presente entre o público asistente.

A continuación interveñen a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

Acceso á videoacta – 01:27:11 horas

C) A continuación, vista a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar recursos educativos adecuados en función das necesidades reais do alumnado nos centros escolares de Cambre, rexistrada de entrada ao núm. 202599900005926 o día 22 de setembro de 2025, xunto con outras dúas mocións e cos rogos e preguntas presentados para este pleno, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, co fin de que xustifique a urxencia da moción.

A Sra. Prieto Lamas di que a urxencia desta moción é incuestionable, que o alumnado con necesidades educativas especiais do CEIP Torrente Ballester está, a día de hoxe, como no resto de centros educativos, desatendido por falta de recursos. Di que cada día sen resposta supón vulnerar o seu dereito á inclusión e a unha atención digna, e que non poden permitir máis dilacións cando se trata de garantir igualdade e xustiza educativa. Di que por este motivo traen esta moción e agradecen que se vote a urxencia.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas, quen dá lectura á moción que, redactada en castelán e transcrita ao galego, di:

“MOCIÓN PARA SOLICITAR RECURSOS EDUCATIVOS ADECUADOS EN FUNCIÓN DAS NECESIDADES REAIS DO ALUMNADO NOS CENTROS ESCOLARES DE CAMBRE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Gonzalo Torrente Ballester, situado no noso municipio, conta actualmente con tres alumnos con necesidades educativas especiais. Un deles, fillo de Arantxa e Félix, diagnosticado con Trastorno do Espectro Autista (TEA), está escolarizado en 4º de Educación Infantil. Tras unha valoración realizada polo equipo de orientación do centro, considerouse necesario solicitar horas de apoio específicas por parte dun/ha Profesor/a de Pedagogía Terapéutica (PT), un/ha especialista en Audición e Linguaxe (AL) e a asignación dunha coidadora.

Con todo, tras unha revisión realizada pola área de Inspección da delegación territorial da Consellería de Educación na Coruña, onde o menor foi valorado durante apenas dez minutos, consideráronse excesivos os apoios solicitados e, por tanto, non se concederon. Ante a falta de resposta adecuada, o centro educativo volveu enviar toda a documentación e informes necesarios o día 15 de setembro. A data do 22 de setembro, o centro aínda non recibiu contestación algunha.



Actualmente, o CEIP Gonzalo Torrente Ballester conta cunha soa coidadora, que ademais xa se atopa sobrecargada de traballo. A esta situación súmase un feito especialmente grave: **a coidadora estará de baixa a partir do día 23 de setembro e, segundo comunicou a administración educativa, non se prevé cubrir a súa ausencia.** Isto supón deixar completamente desatendido ao alumnado que necesita asistencia para a súa autonomía persoal e participación na vida escolar.

Ademais, o centro dispón unicamente dunha profesora de Pedagogía Terapéutica (PT) e media xornada de especialista en Audición e Linguaxe (AL), compartida co CEIP Emilio González López. Esta dotación resulta claramente insuficiente para garantir unha atención educativa adecuada e inclusiva a todo o alumnado con necesidades especiais.

Resulta evidente que o modelo de asignación de recursos baseado unicamente no número de alumnos por centro non se axusta á realidade das necesidades educativas individuais. É fundamental que os recursos se asignen con base a criterios técnicos, pedagóxicos e humanos, priorizando o benestar do alumnado e a equidade educativa.

POR TODO ISO, PROPONSE AO PLENO A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1. **Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia** a reforzar urxentemente os recursos de atención á diversidade nos centros educativos do municipio de Cambre, e en concreto no CEIP Gonzalo Torrente Ballester, en función das necesidades reais do alumnado e non exclusivamente do número de alumnos matriculados.
2. **Solicitar que se cubra de forma inmediata a baixa da coidadora** no CEIP Gonzalo Torrente Ballester, garantindo así a atención adecuada do alumnado que require apoio na súa autonomía e participación escolar.
3. **Solicitar unha revisión do procedemento de asignación de apoios educativos** para que se teña en conta o criterio dos equipos de orientación dos centros escolares, que son quen coñece de primeira man as necesidades do alumnado.
4. **Dar traslado desta moción** á Consellería de Educación, á Área de Inspección Educativa da Coruña, á Delegación Territorial da Xunta na Coruña, á dirección do CEIP Gonzalo Torrente Ballester e ás Anpas dos centros educativos de Cambre."

Interven a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:40:56 horas

Non se da conta de ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS



E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:40:59 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 85 resolucións numeradas da 784 á 868 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
784/2025	25-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 28 de agosto de 2025
785/2025	26-08-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2024 correspondente ao mes de novembro 2024 que comprende 263 recibos, sendo 145 cotas cero, por un importe total de 1.268,24 €
786/2025	26-08-2025	Iniciar procedemento sancionador a CLC, como consecuencia da presunta comisión de dunha infracción de carácter grave, coa agravante de reincidencia, consistente na reprodución de música na cafetería sita na rúa Tapia, O Temple, ao non estar previsto na documentación técnica achegada coa comunicación previa, e non estar acreditado que a documentación achegada con posterioridade sexa suficiente para garantir o cumprimento dos niveis de ruído establecidos pola Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica, sendo a sanción prevista a de multa de 300,52 a 30.050,61 euros, suspensión ou prohibición da actividade por un período máximo dun ano, clausura do local ou establecemento por un período máximo dun ano, de acordo cos artigos 53.1, 58.2 a), 59.1 b) e 59.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia
787/2025	26-08-2025	Delegación na concelleira dona María Dolores Pan Lesta do matrimonio civil de MVA e MPM o día 30 de agosto de 2025
788/2025	27-08-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de agosto de 2025
789/2025	29-08-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 29 de agosto de 2025
790/2025	29-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de setembro de 2025
791/2025	01-09-2025	Aprobar a nómina do mes de agosto de 2025 cun total de retribucións brutas de 34.467,23 euros
792/2025	01-09-2025	Adxudicar ao Banco Santander SA, CIF A39000013, a colocación de 22.000.000 euros a un 2,002% nominal de xuro, por un período de 3 meses, sen comisións nin gastos pola operación, nin penalización por dispoñibilidade anticipada, establecéndose que se o día do vencemento fose inhábil, tomarase como data de vencemento o seguinte día hábil
793/2025	01-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JMFM
794/2025	03-09-2025	Autorizar o reingreso ao servizo activo tras a excedencia voluntaria por coidado de familiares de MdelMCB coa incorporación efectiva ao seu posto de traballo de conserxe adscrito á Axencia de Desenvolvemento Local con data 4 de setembro de 2025, de conformidade co artigo 178 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
795/2025	03-09-2025	Aprobar as facturas por un importe total de 3.360,00 euros

796/2025	03-09-2025	Autorizar o reingreso ao servizo activo da funcionaria M ^a delCPS no posto de traballo de técnico en promoción económica con efectos económicos e administrativos dende o 5 de agosto de 2025, data da solicitude do mesmo, de conformidade cos artigos 169 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e 9-1 do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 365/1995
797/2025	03-09-2025	Acceder ao solicitado e remitirille a dona María Dolores Pan Lesta a documentación resolucións
798/2025	04-09-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de de intervención de data 2 de setembro de 2025 tendo en conta o informe emitido pola axente de desenvolvemento local de data 2 de setembro de 2025. Aprobar as facturas por un importe total de 4.673,13 euros
799/2025	04-09-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola interventora accidental no seu informe de fiscalización de data 18 de agosto de 2025, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 25 de agosto de 2025. Outorgar á Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, unha subvención por importe de 19.249,04 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2024/2025. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Brexo - Lema do CEIP Emilio González López
800/2025	04-09-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola interventora accidental no seu informe de fiscalización de data 18 de agosto de 2025, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 25 de agosto de 2025. Outorgar á ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, unha subvención por importe de 17.798,12 euros. Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás
801/2025	05-09-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor servizo consistente na actividade de animación á lectura "Contos arredor da terra" na Biblioteca Central María Pita, dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2025. Adxudicar o contrato menor a Alba Grande Vázquez, por importe de 372,73 euros sen IVE (410,00 € IVE incluído)
802/2025	05-09-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola interventora accidental, no seu informe de fiscalización. Outorgar á Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, unha subvención por importe de 16.500,00 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2024/2025. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro
803/2025	05-09-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola interventora accidental no seu informe de fiscalización. Outorgar á Asociación de Nais e Pais Fendetesta do centro de educación infantil e primaria Wenceslao Fernández Flórez, unha subvención por importe 27.129,75 euros para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2024/2025. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez
804/2025	05-09-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola interventora accidental. Outorgar á Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, unha subvención por importe de 16.350,00 euros, para o desenvolvemento das actividades extraescolares do centro no curso escolar 2024/2025. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple
805/2025	05-09-2025	Cesar ao técnico en promoción económica interino JLGC pola reincorporación ao seu posto da titular del á quen substituíra, MdCPS de conformidade cos

		artigos 10-3 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 24.3d) da lei 2/2015 do emprego público de Galicia
806/2025	05-09-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 9 de setembro de 2025
807/2025	05-09-2025	Nomear como persoal eventual a MAFM para o desempeño do posto de traballo de asesor de Obras, Servizos, Urbanismo, Transportes e Medio Ambiente cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime Local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
808/2025	05-09-2025	Nomear a RCFR graduado social interino encadrado na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", para ocupar o posto vacante de xefe da Unidade de Réxime Interior en substitución transitoria da funcionaria interina LRP que o ocupaba, durante a súa baixa por enfermidade e polo tempo de duración da mesma, de conformidade co art. 23-2a) e b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
809/2025	05-09-2025	Conceder a licenza para as obras de construción de nave destinada a envasado, almacenamento e distribución de gases industriais, de calidade alimentaria e medicinais na rúa Daimler, polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: TSG, SA
810/2025	05-09-2025	Nomear a DFG enxeñeiro técnico de obras públicas interino, encadrado na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao grupo de clasificación profesional "A", subgrupo "A2", para a substitución transitoria da titular do posto, de conformidade co art. 23-2 b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
811/2025	08-09-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 8/2025 por importe de 437,98 euros
812/2025	08-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MMLS
813/2025	08-09-2025	Considerar desistida a NG da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora solicitada con data 26/05/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
814/2025	08-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NdelaCMB
815/2025	08-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 07/07/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: FCE
816/2025	08-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 29/07/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: MLB
817/2025	08-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 13/06/2025, xa que segundo o disposto no artigo 23.7, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: CARG

818/2025	09-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: IUP
819/2025	09-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ML
820/2025	09-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: EA
821/2025	09-09-2025	Aprobar a relación de solicitudes admitidas dos participantes no Programa Mañanceiro para o curso 2025 – 2026
822/2025	09-09-2025	Conceder a licenza para o cambio de uso do local comercial sito na rúa González Garcés, Cambre, a vivenda e para as obras de adecuación correspondentes. Solicitante: SI,S.L.
823/2025	09-09-2025	Delegar na concelleira dona María Dolores Pan Lesta competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de VPL e ÁMP
824/2025	09-09-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 18 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, así como unha canalización de 10 metros lineais para o tendido de cableado de telecomunicacións, destinadas a proporcionar subministración de enerxía eléctrica e de servizo de telecomunicacións ao pazo de Aián, sito no lugar de Aián, parroquia de Sigrás. Solicitante: AR, SC
825/2025	09-09-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para as obras de adecuación para a rehabilitación integral do pazo de Brexo como salón de banquetes no lugar da Pagueira, parroquia de Brexo. Solicitante: entidade CATERING JOSMAGA, SL
826/2025	09-09-2025	Dar de baixa por inscrición indebida no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre, con efectos dende a data de sinatura desta resolución, as persoas por non residir neste municipio, cumprindo co establecido no artigo 72 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
827/2025	09-09-2025	Conceder a licenza para a división dunha finca sita no lugar de Sobreguexe, parroquia de Cecebre, de 3.623 m ² en catro parcelas de 1.000 m ² , 1.000 m ² , 1.524 m ² e 99 m ² , sendo esta última de cesión obrigatoria e gratuíta ao Concello para regularización do viario público. Solicitante: PGM
828/2025	10-09-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal para o venres 12 de setembro de 2025, ás 10:00 horas
829/2025	10-09-2025	Comparecer no PO procedemento ordinario 0000067/2025 contra o Concello de Cambre, sobre a desestimación presunta por silencio administrativo, da reclamación instada por medio de escrito presentado o 18.05.2020 e contra a desestimación presunta por silencio administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña
830/2025	10-09-2025	Delegar no concelleiro don Rubén Vázquez Pérez a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de PPM e DQM
831/2025	12-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 22/05/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: CJHP.

832/2025	12-09-2025	Considerar desistida a MRLD da solicitude de axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 26/02/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
833/2025	12-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: MPB.
834/2025	12-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: MMSM.
835/2025	12-09-2025	Considerar desistido a FMLP da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 07/01/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
836/2025	12-09-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza. Solicitante: YGF.
837/2025	12-09-2025	Solicitar, ao abeiro da Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, do 30 de xullo de 2025, unha subvención para o desenvolvemento dos seguintes proxectos, para o período 15.12.2025 ata o 30.04.2027: <ul style="list-style-type: none"> - Proxecto PRISMA de educación familiar - Proxecto PÍLLARA como servizo de apoio e de educación familiar coas familias perceptoras das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participan no programa de intervención familiar - Proxecto AMARÍ como servizo de inclusión social da poboación xitana - Proxecto LAGARE como servizo de apoio á prevención do sen fogarismo e que tamén inclúe accións de apoio a persoas en procesos de inclusión sociolaboral que, debido aos seus baixos ingresos e/ou outros factores de discriminación, teñen dificultades de acceso ou mantemento da estabilidade residencial e polo tanto

		precisan de apoio na procura de vivenda digna e mediación inmobiliaria
838/2025	12-09-2025	Acceder ao solicitado por D. Juan González Leirós e concederlle o acceso aos expedientes de contratación referidos na súa solicitude de data 9 de setembro de 2025. O acceso poderá realizarse dentro do prazo dez días nas dependencias da Secretaría Xeral en horario de 9:00h a 14:00h.
839/2025	12-09-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 1560,00 euros.
840/2025	12-09-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes día 16 de setembro de 2025, ás 10.00 horas.
841/2025	15-09-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 18 de setembro de 2025, ás 11:00 horas.
842/2025	16-09-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, de 120.663,78 euros, no concepto non orzamentario "20302 Canon da auga Xunta de Galicia", a favor de Augas de Galicia, correspondente á autoliquidación do canon da auga do segundo cuadrimestre do 2025 .
843/2025	16-09-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe referencia "ASUNTO: Proposta do Concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de contrato menor de seguro obrigatorio da flota de vehículos", de data 8 de setembro de 2025 a efectos de continuar coa tramitación do procedemento.
844/2025	16-09-2025	Comparecer no procedemento citado perante o Xulgado do Social número 5 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
845/2025	16-09-2025	Comparecer no procedemento citado perante o Xulgado do Social número 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
846/2025	16-09-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 2200 euros.
847/2025	16-09-2025	Estimación de alegacións en procedemento sancionador de tráfico.
848/2025	16-09-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 1080 euros.
849/2025	16-09-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 1560 euros.
850/2025	16-09-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 1200 euros.
851/2025	16-09-2025	Aprobar facturas por importe total de 7935,54 euros. Autorizar e dispor, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas

		correspondentes a cada un dos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do pagamento das facturas.
852/2025	16-09-2025	Aprobar facturas por importe total de 94438,25 euros. Autorizar e dispor, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do pagamento das facturas.
853/2025	17-09-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 correspondente ao mes de decembro do 2024 que comprende 258 recibos, dos cales 145 son cotas cero, por un importe total de <i>mil douscentos doce euros con noventa e nove céntimos</i> (1.212,99 €). Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 17/10/2025 ao 17/12/2025, ambos os dous incluídos.
854/2025	16-09-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 11/03/2025, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 12/08/2025. Dispoñer que continúe o procedemento para a adxudicación do expediente de contratación da subministración de produtos e material de limpeza e hixiene persoal para os pavillóns municipais (Exped. núm. 2025/C002/000004).
855/2025	16-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 25/02/2025, xa que segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza reguladora, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: LCGG.
856/2025	16-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 15/07/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: JE.
857/2025	16-09-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 09/07/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: ADCM.
858/2025	16-09-2025	Considerar desistida a CGR da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 20/06/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
859/2025	17-09-2025	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o venres día 19 de setembro de 2025, ás 10:00 horas.
860/2025	17-09-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de dona RVG, falecida o día 16 de agosto de 2025, foi inhumado na urna central sinalada co número 23, letra B, do cemiterio municipal de Cambre, en data 17 de agosto de 2025. Aprobar a liquidación da taxa, xa ingresada, e inscribir no libro rexistro historial de nichos. Instar aos herdeiros a solicitar a transmisión do dereito de uso.
861/2025	17-09-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de dona MLFC foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 34 letra D do cemiterio municipal de Cambre, en data 12 de agosto de 2025. Aprobar a liquidación da taxa, xa

		ingresada, e inscribir no libro rexistro historial de nichos. Instar aos herdeiros a solicitar a transmisión do dereito de uso.
862/2025	17-09-2025	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 600 euros.
863/2025	17-09-2025	Asignar o número 3-B a vivenda unifamiliar situada no lugar da Igrexa.
864/2025	17-09-2025	Conceder a NCVA a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza.
865/2025	17-09-2025	Conceder a AMR a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza.
866/2025	18-09-2025	Delegar as funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Rubén Vázquez Pérez, dende as 11:00 horas ata as 15:00 horas do día 18 de setembro de 2025.
867/2025	19-09-2025	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local e aprobar o Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e o Programa de Traballo presentados pola empresa "Construccion Ponciano Nieto, S.L.", para a execución da obra denominada "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros, Cambre 2022". (expediente: 2022/C003/000021).
868/2025	19-09-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 23 de setembro de 2025, ás 10.00 horas

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de agosto de 2025
- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva do "Servizo de escolas de actividades físicas e de saúde e actividades físico-recreativas de verán". Expediente número 2016/C004/000001
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de agosto de 2025
- Proposta relativa á designación de responsable do contrato e dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre y otros", obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos). POS+ Adicional 2/2022. Expediente TEDeC 2022/C003/000021

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra *"Mantenimento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre y otros"*, expediente TEDeC 2025/C002/000028, á entidade mercantil "Abadeus Arquitectura, S.L.P.", no prezo de 8.700,00 euros sen IVE (10.527,00 euros IVE incluído)

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor de "Redacción do proxecto básico e de execución das obras de acondicionamento de locais municipais na Barcala con destino a arquivo municipal", expediente TEDeC 2025/C002/00002, á arquitecta dona Olga María Pérez Samartín, no prezo de 10.800,00 euros sen IVE (13.068,00 euros IVE incluído)

Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de agosto de 2025

- Proposta relativa á adxudicación do contrato do servizo de produción técnica do evento "Open Science Cambre", expediente TEDeC 2025/C005/000001, á entidade "Lago Empedrado, S.L.", no prezo total ofertado (para 2 anos) de 127.000,00 euros sen IVE (153.670,00 euros IVE incluído) e coas melloras ofertadas de 2 pórticos a maiores do mínimo esixido.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de setembro de 2025

- Proposta relativa á ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 759/2025, de 12 de agosto, de declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de telefonía fixa, liñas ADSL, liñas RSDI, acceso a internet, incidencias e avarías prestado pola empresa "TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U."

- Proposta relativa á ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 760/2025, de 12 de agosto, de declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de mantemento copiadoras municipais prestado pola empresa COPI FAX, S.L.

- Proposta relativa á ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 761/2025, de 12 de agosto, de declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado escolas de actividade física e saúde e actividades físico recreativas de verán prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

- Proposta relativa á ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 762/2025, de 12 de agosto, de declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado actividades socioculturais prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 9 de setembro de 2025

- Proposta relativa á designación de novo responsable do contrato de "Dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra *Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros*", expediente 2025/C002/000028.

- Proposta relativa á designación de novo responsable do contrato da obra *"Mantenimiento de caminos municipales en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros"*, expediente 2022/C003/000021.

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de setembro de 2025

- Proposta relativa á adxudicación do contrato menor do servizo "Seguro obrigatorio da flota de vehículos do Concello de Cambre", expediente TEDeC 2025/C002/000030, á entidade OCCIDENT GCO, S.A.U. de Seguros y Reaseguros, por importe de 10.159,75 euros



3.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:42:46 horas

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900005918 o día 22 de setembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:42:57 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“No pleno do mes de xullo aprobáronse dúas mocións que trouxo a pleno Unión por Cambre, a de Sementeira e a da Vía Ártabra e no mes de agosto, aprobáronse en pleno outras tres mocións presentadas por este grupo sobre o depósito de Nós, Edar de Bens e apoio aos afectados pola vaga de incendios sen que a día de hoxe volvéramos a saber nada sobre estes temas. Por todo isto, rogamos se fagan efectivos os acordos que foron aprobados a través destas cinco mocións.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:43:40 horas

Lee o rogo o Sr. Barrientos Morales.

“En comisións informativas, o pasado xoves, o alcalde en funcións dixo que non puideron acudir á proba organizada polo Club Ciclista Cambre Caeiro por “motivos de traballo e comidas”. Rogamos se faga público a axenda pública dos catros membros do goberno local que impediron que acudirán a tal evento, tendo en conta que tres membros do equipo de goberno teñen dedicación completa.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén o Sr. Barrientos Morales.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:45:29 horas

Lee o rogo o Sr. González Leirós.

«CONVENIO POUSADOIRA. ADQUISICIÓN DE FINCA PARA CONSTRUCCIÓN DAS GRADAS.

Nas Comisións Informativas do 24 de xullo de 2025 presentamos unha pregunta sobre este asunto, tal como: “Pódennos trasladar en que punto de tramitación exacto atópase o abono da parcela onde se están realizando as bancadas, no campo de fútbol, en Pousadoira, Brexo-Lema?. Ante a resposta, nas Comisións Informativas de agosto do 2025, presentouse un rogo co seguinte texto:

“Polo que formulamos a seguinte PROPOSTA DE ACTUACIÓN: Que por parte de quen corresponda, neste caso Alcaldía, se proceda a cumprir a obriga que a administración ten de RESOLVER, sen máis dilacións”.

O ROGO FOI ACEPTADO.

No momento de redacción non temos constancia de que se cumprira coa OBRIGA DE RESOLVER.



E oportuno recalcar que a cuestión formulada non trata de cal é o contido da Resolución, que xa haberá tempo de valorala, senón de que se RESOLVA, no sentido que a Alcaldía entenda. O rogo afecta a un incumprimento de obrigas pero tamén afecta ao dereito que teñen os interesados causando indefensión por non poder exercitalo mentres non se emita Resolución. Por todo iso formulamos, unha vez máis, a seguinte PROPOSTA DE ACTUACIÓN: Que se emita RESOLUCIÓN evitando que teñamos a necesidade de acudir ao/á Valedor/a do Pobo para dar cumprimento do que é una OBRIGA.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900005926 o día 22 de setembro de 2025, xunto coas mocións e preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:47:09 horas

Lee o rogo a Sra. Parceró Quiñoy.

“O firme do camiño público que une Meixigo con San Lourenzo está moi deteriorado ao longo de todo o traxecto, como se aprecia nas fotos adxuntas. O desgaste acumulado polo paso dos anos xerou un número importante de fochancas, algunhas delas de tal envergadura que dificilmente superarán este inverno sen provocar un incidente.

É certo que o treito comprendido dende o centro de Meixigo ata as inmediacións de San Lourenzo foi asfaltado hai relativamente pouco tempo e presenta un mellor estado xeral, pero tamén nel se observan xa fochancas que necesitan ser reparados.

Dende o grupo municipal do Partido Socialista, rogamos ao equipo de goberno que actúe con urxencia na reparación e mantemento deste camiño público, garantindo así unhas condicións de seguridade adecuadas para o tránsito veciñal e evitando riscos innecesarios.

Orde das fotos:

- Fronte ao número 5 de Meixigo
- Fronte á entrada ao camiño dos números 8, 8A e 9
- Fronte ao número 18
- Fronte a San Lourenzo número 1
- Fronte ao número 25
- Fronte ao número 23”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:48:42 horas

Lee o rogo a Sra. Parceró Quiñoy.

“Dende o Grupo Municipal Socialista queremos trasladar ao Goberno a situación de abandono que sofre o Camiño do Cabaleiro, que figura en mapas de rutas de Cambre e que era utilizado tanto por peóns como por ciclistas.



A día de hoxe, o camiño atópase intransitable, como amosan as imaxes que achegamos: maleza, ramas caídas e todo tipo de obstáculos impiden o paso. Este camiño conecta O Souto de Cela con Armental e, ademais do seu interese turístico e de ocio.

Non podemos permitir que os camiños de interese turístico e patrimonial do noso concello se atopen nesta situación de deixamento. Por iso, rogamos ao Goberno que actúe de maneira inmediata, e que a recuperación deste camiño non se demore durante meses, senón que se execute no prazo máis breve posible, devolvendo así ao Camiño do Cabaleiro a súa condición de roteiro transitable e útil para os veciños.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:50:02 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre queremos chamar a atención sobre a situación insostible que están a vivir os traballadores e traballadoras do Concello. A día de hoxe acumúlanse atrasos moi graves: levan case tres meses sen cobrar a produtividade, é dicir, unha parte do seu propio soldo. Isto non é un asunto menor, afecta directamente á economía das súas familias.

Ademais, o propio departamento de Persoal segue sen persoal suficiente para tramitar todo o atrasado, e así entramos nun círculo vicioso: máis atrasos, máis descontento e unha maior deterioración do servizo público. E mentres tanto, non hai ningún movemento serio para aprobar unha carreira profesional que sería unha ferramenta fundamental para dignificar os salarios e recoñecer a experiencia e especialización do persoal municipal.

Existen solucións: a contratación puntual por acumulación de tarefas con contratos de 6 a 9 meses, a aprobación dun Plan de ordenación de recursos humanos que permitiría reforzar departamentos con contratos de ata 3 anos, e sobre todo un compromiso político claro cun calendario e unha folla de roteiro para debater e aprobar a carreira profesional.

Convén lembrar, ademais, que o propio Goberno marcouse este tema como unha das súas prioridades ao comezo de mandato e, con todo, non o está cumprindo.

Por todo iso, rogamos ao Goberno que se tomen medidas inmediatas e concretas para mellorar a xestión do persoal municipal, reforzar os servizos máis saturados e garantir que cada traballador e traballadora cobre puntualmente todo o que se lle debe. Porque se o Goberno converte en papel mollado as súas propias prioridades, demostra que non goberna: simplemente limitábase a deixar pasar o tempo e agravar os problemas.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Interveñen a Sra. Pan Lesta e a Sra. Prieto Miramontes.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900005925 o día 22 de setembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:01:16 horas



Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“No lugar da chamada urbanización a Barcala, na súa parte preto da vía do tren, e preto dos depósitos de gas, existen varias deficiencias, algunha delas moi preocupantes, coma é que as tuías que o delimitan na parte inferior estean cunha altura inapropiada e perigosa polo risco dun incendio que pode ter fatais consecuencias dada a existencia dos depósitos de gas, como se menciona anteriormente. Lembrar que o uso da especie *thuja*, non permite manter esas alturas, e tense que atinxir á normativa creada para o efecto; estase pois dende o goberno municipal incumprindo unha norma creada pola seguridade.

Así mesmo, o camiño de acceso que vai dende a zona da antes chamada Kelsa, ou Bunge, e que durante tempo foi loxicamente utilizado pola veciñanza para o acceso ás súas vivendas, a día de hoxe atópase en total descoido, sen que ninguén se ocupe do seu mantemento.

Por todo o anterior exposto:

SOLICITAMOS que se leve a cabo de xeito inmediato, a poda e arranxo do camiño citado, de cara a unha accesibilidade que antes era desfrutada polos veciños.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:02:53 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Pasaron xa as xornadas celebradas no noso concello da Open Science, onde se viron representados os traballos feitos por alumnos de distintas etapas educativas non só de Galicia, senón de toda España e tamén do estranxeiro. É sen dúbida unha expresión da necesidade de expor a ciencia dun xeito lúdico, e atractivo para todo/a aquel/aquela que a visite.

Unha aposta do Concello de Cambre, onde se invisten cantidades que superan os 80.000 euros, e iso foi posible porque se levou a cabo a contratación necesaria. É aquí cando queremos expor, que moitas das actividades necesarias para o desenvolvemento cultural non se levan a cabo porque precisamente non se contratan, algunha delas coma as dos clubs de lectura, que suporían cantidades irrisorias comparando con esta feira de ciencia. Todo isto doe, non só o BNG senón a todas as veciñas e veciños que ven coma outro ano máis están esperando coma quen espera unha esmola para poder realizarse coma bos cidadáns. Non son esmolos o que se precisa, senón xustiza. Como entenderán este agravio comparativo que se está a levar a cabo de xeito totalmente discriminatorio.

Dende o BNG, celebramos que a ciencia sexa exposta por estudantes para a poboación con tal éxito.

Sorpréndenos pois, que se de educación falamos, e se se trata dun concello galego, cuxa lingua oficial é o galego, este só estivese presente no cartel divulgado polo Concello de Cambre.

Nin na presentación dos organizadores, nin na do concelleiro responsable, se usou a lingua, que na educación das/os cambresas/es debe estar presente por dereito.

Queixámonos tamén que na entrevista que oíu esta concelleira na cadea SER respecto da feira, en ningún momento se menciona ao Concello de Cambre como subvencionador principal da actividade, cando esta celébrase, non só en Cambre, senón cos cartos de Cambre.



Dende o BNG, xa no seu momento detectamos esta falta de sensibilidade, e tamén de respecto, e así llo manifestamos as/os organizadoras/res, pero non só non corrixiron senón que manteñen a mesma postura.

Por non falar da coreografía feita con ritmos de reguetón, do que nada temos que dicir, pero si botamos en falta, algo que nos identificara como cambresas/es e coma galegos. Temos no país grupos que fan música da boa, e que debera de ser inspiradora para a nosa xuventude.

Todo este relato é para SOLICITAR:

Que no vindeiro ano, e antes de avanzar na contratación, se teñan en conta todo o que se debe mellorar, rectificar, e poñer en valor, e por tanto se lles comunique tanto ao profesor coma aos codirectores e colaboradores que levan a cabo esta iniciativa destas eivas a solucionar.

Entendemos que hai liñas que non se deben sobrepasar nin deixar de lado á nosa cultura, e por tanto a súa difusión.

Estes días en Cambre, non se sabía se estabas en Málaga ou en Madrid, mesmo en Barranquilla.

Así pois: o ano que vén, deseñar dende o Concello de Cambre, dende a potestade que ten, as liñas sobre o uso da lingua na Open Science, así como a obriga de mencionar quen patrocina esta feira, coma outros asuntos para que non se prexudique a nosa cultura.

Somos defensores da multiculturalidade, pero non da imposición nin das inxustizas.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:08:10 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“A fonte de Anceis-Altamira, está sendo limpada polos propios veciños do verdello que se produce no chan, evitando así caídas por esvaramento. Entendemos que este tipo de labores corresponden o Concello, é polo que SOLICITAMOS:

Que se proceda con puntualidade ao mantemento desta fonte, así coma outras para o bo uso delas.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO E ORALMENTE

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900005924 o día 22 de setembro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:09:18 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Rogamos se lle pida ao Consorcio maior control nas recollidas, así como o estado dos contedores, xa que algúns están boca abaixo dende que se cambiaron aos de tapa marrón.”



A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:09:46 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal

“Rogamos se arranxen as fochancas na Estrada da Estación, especialmente no treito onde está a OMIX. Sabemos que é doutra administración e vendo que o contrato de arranxo de camiños ou subministración de materiais para a brigada de obras non están en vigor, polo menos que se arranxen os que non dependen do noso concello.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta – 02:10:18 horas

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Di que ao fío do que estaban falando agora, dunha estrada que é da Deputación, xa hai bastantes meses, por non dicir case un ano, que hai un gardarraíl á altura da Marisqueira, camiño da Barcala, á man dereita, que xa solicitaron varias veces o seu arranxo por parte da Deputación.

Di que está impedindo que moitos veciños, en confluencia cos ciclistas, viandantes, poidan pasar. Que o gardarraíl é un sistema de seguridade viaria, e que se volve acontecer un accidente nesa mesma zona, polo cal está nese estado, que podería implicar danos a persoas que van andando, polo tanto, di que quere volver incidir nese gardarraíl, porque xa leva case un ano nese estado.

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 02:12:02 horas

PREGUNTAS DE UxC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005918 o día 22 de setembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:12:04 horas

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

“Cantas facturas se conformaron polos diferentes departamentos dende que a Sra. alcaldesa tomou posesión do seu cargo?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:12:19 horas

Lee a pregunta a Sra. Varela Germade.



“Están contratadas as actividades socioculturais?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:12:35 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Matos.

“Van seguir prestando en precario o servizo do Mañanceiro, despois de asegurar que non se celebrou a Galaicoi porque estaban traballando na licitación e adxudicación deste servizo básico para a conciliación da vida laboral e familiar e polo momento sabemos que nin sequera se licitou o dito servizo?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005926 o día 22 de setembro de 2025, xunto cos rogos e mocións presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:13:31 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.

“Respecto do contrato de subministracións de materiais de construción para a brigada municipal do Concello de Cambre, quedaron desertos os lotes 1, 3, 4 e 5, que inclúen materiais básicos como o aglomerado asfáltico para tapar fochancas, o formigón para reconstruír estruturas ou as areas para elaborar cementos. O lote 2, que si conta con licitadores, en ningún caso soluciona o problema das fochancas: trátase dun produto pensado para reparacións puntuais, máis caro que o asfalto do lote 1, cun tempo de endurecemento maior, o que faría ruinoso para o Concello tentar substituír con el o asfalto. Ademais, este produto fornécese en bolsas big bag de 1 tonelada, e a día de hoxe seguimos sen dispoñer de condutor de camiión.

Como xa se comentou en comisións informativas, e dado que non se aclarou a situación por parte da presidencia, hoxe volvemos preguntar: Que medidas urxentes vai adoptar o Goberno municipal para garantir de inmediato a subministración destes materiais imprescindibles e evitar que os veciños sigan vivindo rodeados de fochancas e cunhas infraestruturas cada día máis deterioradas?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:15:21 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“A pasada fin de semana celebrouse no noso concello un dos eventos máis importantes e de maior proxección, organizado por mozos que non superaban os 23 anos de idade, con participación non só de centros locais, senón tamén doutras zonas de Galicia, do resto de España e mesmo de países como Portugal, Ecuador, Colombia ou Bolivia. Un evento que, ademais, contou coa colaboración de numerosos comercios e a implicación de familias que acolleron aos participantes, xerando un impacto social, cultural e económico moi significativo para o municipio. Dito isto, e entendendo que a axenda institucional pode ser



esistente, como se xustifica que nun acto de inauguración de tal magnitude non estivese presente a totalidade do grupo de goberno, incluída a alcaldesa, especialmente cando o que se espera dun goberno é que saiba marcar prioridades e estar á altura dos eventos que realmente prestixian ao concello?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:16:54 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

"Visto o publicado pola prensa e redes sociais estes días sobre o cambio de bandas na XXXIII edición do Rock in Cambre, ¿que papel tiveron na decisión de substituír ás bandas inicialmente previstas, como Loita Amada, Ariel Rot, Porretas e Bravú Xangai, os factores técnicos, artísticos, administrativos ou políticos?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005925 o día 22 de setembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:17:51 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"Que pasa para que os pagos da Rede Cultural da Deputación do ano 2024 sigan pendentes de facerse efectivos?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:18:40 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"O desenvolvemento das actividades da Universidade de maiores (Universidade Senior) da Coruña precisa de locais para levalas a cabo. Resulta sorprendente que a estas alturas, segundo nos comentan veciños/as na queixa, non saiban se poderán realizar as súas actividades ou non, por carecer de local. Que nos poden dicir diante desta sorprendente situación?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:21:08 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"O uso do local da Barcala (pequeno auditorio) está sendo inutilizado por mor das humidades alí existentes, e así a Asociación micolóxica Andoa estaba á espera para levar a cabo as actividades divulgativas. Solucionaron vostedes o problema? Como?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.



PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005924 o día 22 de setembro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:21:45 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Teñen pensado reactivar a creación do CIM (Centro de Información á Muller)?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:22:23 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Sabedores dos problemas co servizo de conserxería, esta arranxado o tema?”

O Sr. Lamela Vázquez contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:22:46 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Coñecida a perda dunha subvención para un técnico de xestión cultural, sabendo que foi por non achegar a documentación xustificativa requirida, preguntamos, hai máis subvencións que poidan correr a mesma sorte?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás trece horas e trinta e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario accidental nesta sesión, dou fe.

Vº e prace

A presidenta

(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

(Asinada dixitalmente nesta data polo técnico de xestión de Administración Xeral que actuou como secretario accidental na sesión)

Fernando Manuel Garrido Negreira